

**CURSO: 4º B**

**ACTIVIDADES PARA A SEMANA DO 6 A 10 de XUÑO DO 2020**

*MOITO ÁNIMO, QUE XA QUEDA POUQUIÑO E ESTÁDELO FACENDO MOI BEN!!*

**1-ATENCIÓN!! Mando audio cun novo capítulo do noso libro.**

**2-ATENCIÓN, AQUÍ DEBAIXO, CON FONDO AZUL, ESTÁN AS SOLUCIÓNS DAS TAREFAS DE LINGUA GALEGA DA SEMANA PASADA.**

**3.-MOITO ÁNIMO, QUE XA QUEDA POUQUIÑO. UN PEQUENO IMPULSO E VAI!!**

**SOLUCIÓNS DE LINGUA GALEGA SEMANA 1 a 5 de XUÑO 2020**

COMPRESIÓN LECTORA

-Páx 176

Nº 1-a) Na estación de tren. b) Busca o maquinista Antón.

Nº2-Vindeiro – próximo, encabuxada – enfadada, balde – colector, pasaxeiro – viaxeiro.

3 a) Carriño; b) comeartos, portaequipaxes; c) recolledor; d) Santiago, Pontevedra, Vilagarcía.

Nº 4- 1 Reloxo, 2 colector, 3 carriño, 4 recolledor, 5 lixo, 6 vasoira.

-Páx. 177

Nº5-Maquinista, xefe de estación, portaequipaxes, señora da limpeza, voz de muller.

- Ningún.

Nº6-6 A Santiago.

- En Pontevedra e Vilagarcía.

Nº7-Porque Antón, o maquinista, non aparece por ningures.

Nº8-Xa están ordenadas: 1, 2, 3 e 4.

Nº9-Primeiro, o portaequipaxes vai cansado, empurrando o carro coas maletas. Despois, bota as maletas nun colector de lixo. A señora da limpeza atopa as maletas no colector, cólleas e escapa correndo con elas.

OBSERVO E FALO NON HABÍA QUE FACELO

-Páx. 178

Nº1 Plataforma – 15, raíl – 16, vagón – 7, locomotora – 9, asento – 1, xanela – 8, vía – 12, panel – 6, carro – 10, despacho – 3, tope – 14, consigna – 5, altofalante – 2, equipaxe – 11, travesa – 15, sala de espera – 4.

Nº2 Por esta orde: gardaagullas, xefe de estación, maquinista, asistente, revisor, pasaxeiro.

Nº3 – Só se pode cruzar polo paso a nivel se a barreira está levantada. – En Viveiro hai un apeadoiro só para que suban ou baixen viaxeiros. – Por ese viaduto tan alto pasa o AVE. – Esa pasarela leva ao outro lado da vía.

Nº 4 -Actividade de observación e lectura.

Nº5 Deportes: bádminton, trial, voleibol, motocrós. Roupa: anorak, catiúsca, bikini, quimono. Alimentos: pudín, volován, sándwich, paté

-Páx. 179-

Nº6 Carrusel – cabaliños, confort – comodidade, pantufla – zapatilla, bisté – filete, cobaia – coello de indias, canapé – aperitivo. Uso o dicionario

Nº7-1 Bulevar – avenida, récord – marca, estrés – tensión, búnker – refuxio, cheque – talón, chofer – condutor.

-Páx. 188

Nº3- Nadaches – pretérito, vivirei – futuro, dan – presente, queríamos – copretérito, come – presente ou imperativo, partides – presente.

- Nadaches – nadar, vivirei – vivir, dan – dar, queríamos – querer, come – comer, partides – partir.

Nº4— Ningunha lei prohíbe levar animais no tren. –

Eva vive nunha casa preto da estación. –

O meu irmán xa se inscribiu na Universidade. –

Por fin vas vir connosco a Santiago? –

Antón recibiu o premio á puntualidade.

## I – MATEMÁTICAS

-Páx. 197, exe. 11

Volver ver os vídeos da semana pasada se é necesario.

-Páx. 199 REPASO

Exercicios 1,2,3,4,5

Problemas 6,7,8,9,10

### *EMPEZAMOS TEMA 14 – CUERPOS GEOMÉTRICOS*

-Páx. 204, 206, 208 ler despacio e con atención os cadrados azuis e axudarse cos vídeos. Intentar memorizar e recordar os nomes dos distintos elementos. É REPASO.

<https://www.youtube.com/watch?v=pqIFK9tyHS0>

<https://www.youtube.com/watch?v=bSqd4QAbVNM>

<https://www.youtube.com/watch?v=5GLduNQ5kA4>

<https://www.youtube.com/watch?v=sDd4AYNNjPw>

-Páx. 209, ex. 4 e 5 . Non hai que debuxar NADA, só responder ás preguntas.

## II – L.CASTELÁ

### *EMPEZAMOS O TEMA 12 – ESTACIONES POÉTICAS*

-Lectura texto pág. 184 y 185

-Comprensión lectora. Pág. 186, PREGUNTAS EXPRES Y Pág. 187, todas **menos** la 11.

Responder oralmente a todo.

-Estudiar recuadros azules de las páginas 188 y 189

-Ejercicios Pág 188: 1 y 4

-Ejercicios Pág. 189, 8 y copiar dictado, muy curioso y con buena letra.

-Pág. 190. EL ADVERBIO. Leer y estudiar recuadro azul. Ayudarse con los vídeos

<https://www.youtube.com/watch?v=BKhRLwMTqwM>

<https://www.youtube.com/watch?v=QxQGUQu62vs>

## III – L. GALEGA

### EMPEZAMOS O TEMA 12. FIN DA VIAXE

-Lectura páx. 190 – 191

-Comprensión lectora das páxinas 192 e 193 oralmente, **menos** o Escoito e Falo da 193

-Páx. 194, exercicios 1,3 e 4 pero **oralmente**

-Páx. 195, ler o recadro Azul. Os castellanismos.

-Páx. 195, exercicios 5 e 6

- Facer este exercicio con bonita letra e curioso:

As seguintes palabras son todas castelanismos. Escribe ao lado a forma correcta mirando polas solucións. \*salud, \*embudo, \*ballena, \*mesilla, \*pulpo, \*polvo, \*salir, \*helado, \*lentillas \*lápiz, \*siglo.

Solución: saúde, funil (ou embude) balea, mesa de noite, polbo, po, saír, xeado, lentes de contacto, lapis, século.

## IV – C. NATURAIS

Facer o RESUMO de REPASO da páx. 129. Volver ver os vídeos e axudarse co libro se é necesario.

### EMPEZAMOS TEMA 9 – AS MÁQUINAS

-Ler a páx. 132, 134, 135 e 136

<https://www.youtube.com/watch?v=aom-USsQCS0>

[https://www.youtube.com/watch?v=Ak3M5tFro\\_I](https://www.youtube.com/watch?v=Ak3M5tFro_I)

## V – C. SOCIAIS

### EMPEZAMOS TEMA 9 – A IDADE ANTIGA. A ÉPOCA ROMANA

Ler este resumo e mirar o libro ao mesmo tempo para ver as fotos e debuxos.

<https://www.youtube.com/watch?v=zbSltS1KgxE>

<https://www.youtube.com/watch?v=0Tr4A2ksUEo>

[https://www.youtube.com/watch?v=iQ\\_DDgz04CM](https://www.youtube.com/watch?v=iQ_DDgz04CM)

<https://www.youtube.com/watch?v=IS2YWumrxCg>

## TEMA 9 – IDADE ANTIGA. A ÉPOCA ROMANA. RESUMO

### A conquista romana

#### 1-O Imperio romano

No centro da península de Italia vivían tribos que no ano 753 a.C. se uniron e fundaron a cidade de Roma.

Os romanos crearon un grande imperio. Primeiro, Roma conquistou toda a península itálica e, despois, estendeuse pola costa mediterránea. Para iso, os romanos tiveron que vencer numerosos pobos, o que conseguiron grazas ás súas **lexións**.

#### 2-A conquista de Hispania

Os cartaxineses e os romanos enfrontáronse nas **guerras púnicas**. no ano 218 a.C., os romanos chegaron á península ibérica, venceron os cartaxineses e expulsáronos. Despois, os romanos

comezaron a conquista da Península Ibérica á que lle chamaron **HISPANIA** (de aí saíu o nome de España)

### 3-A organización de Hispania

Os romanos organizaron o territorio de Hispania en cinco **provincias**: Bética, Lusitania, Tarraconense, Gallaecia e Cartaxinense. Á fronte de cada unha había un **gobernador**.

Ademais, implantaron as súas leis, coñecidas como **dereito romano**, que son a base de moitas das leis que temos na actualidade.

#### A-As cidades

Os romanos fundaron moitas cidades en Hispania que imitaban os costumes de Roma. Por exemplo, **Tarraco (Tarragona)**, **Emerita Augusta (Mérida)** ou **Caesar Augusta (Zaragoza)**. Ou **Lucus Augusti (Lugo)** Eran cidades amuralladas e con rúas rectas. **O foro** era a praza principal e o lugar onde se encontraban os edificios máis importantes

Os romanos realizaron construcións moi sólidas con materiais como o **cemento** e o **formigón**.

Tiñan **anfiteatros**, onde se celebraban loitas de gladiadores e feras

- **teatros**, onde os actores representaban comedias e traxedias;
- **circos**, onde se organizaban as carreiras de cuádrigas de cabalos.
- Había **termas**, onde se tomaban baños.
- E nos **templos** rendíase culto aos deuses.

Construíron, **murallas** coma as de Lugo, **arcos de triunfo**, **calzadas**, **pontes** e **acuedutos**, que servían para traer auga ás cidades.

#### B-O campo en Hispania

A maioría da poboación romana vivía no campo. Alí cultivaban a terra e coidaban do gando.

Os romanos máis ricos posuían grandes leiras con campos de cultivo. Dentro delas tamén había unha gran casa de campo, **a villa**, en que vivían os propietarios. Ademais, contaban con corte, celeiro, prensa para facer viño, forno.

Os campesiños e os escravos traballaban as terras. O seu traballo era moi duro e requiría grandes esforzos, pero contaban con máquinas como o **muíño** e o **arado romano**, movidos por animais.

Os romanos cultivaban trigo, vides, oliveiras, árbores froiteiras, verduras, legumes... Das uvas extraían o **viño** e coas olivas elaboraban **aceite**.

### 4-A forma de vida en Hispania

A poboación de Hispania dividíase en dous grupos:

**A- os escravos**. Os escravos eran propiedade doutra persoa e non tiñan dereitos. Traballaban no campo, no servizo doméstico, nas minas ou como gladiadores.

#### B-as persoas libres

As persoas libres eran os demais habitantes. Había homes e mulleres moi ricos, como os **patricios**. Pero a maioría das persoas eran humildes: artesáns, pequenos comerciantes e campesiños. Estes coñecíanse como **plebeos**.

#### 5-As vivendas dos romanos

Mentres que no campo existían as **villae**, nas cidades había dous tipos de vivendas: **as insulae**, para os plebeos; e **as domus**, para os patricios.

#### 6-O vestido romano

Os **homes** usaban como vestimenta máis común unha **túnica** que chegaba ata os xeonllos con mangas curtas e cinguida á cintura.

Os **cidadáns** ricos levaban tamén unha **toga por riba da túnica**. Calzaban sandalias de pel.

As **mulleres** utilizaban unha túnica ata os pés chamada **stola**, cinguida cun cinto. Sobre a stola usaban un **chal** para cubrir os ombros. Tamén levaban **un veo** sobre a cabeza

#### 7-O legado romano

##### A- A relixión e a cultura

Os romanos eran **politeístas**, é dicir, crían en **numerosos deuses**. Para renderlles culto, construíron **templos**, onde os sacerdotes e sacerdotisas recibían ofrendas e sacrificaban animais.

No século I comezou a estenderse unha nova relixión por todo o Imperio romano: o **cristianismo**, predicado por Xesús de Nazaret e polos seus seguidores. Ao principio, os cristiáns foron perseguidos.

Os romanos difundiron o seu idioma, **o latín**, que substituíu as linguas que se falaban na Península antes da conquista. Unicamente se mantivo unha lingua prerromana, o euskera, que aínda se fala hoxe no País Vasco.

##### B-A arte hispanorromana

Durante os séculos que os romanos estiveron en Hispania, construíron numerosos edificios que adornaban con esculturas, decoraban as súas paredes **con pinturas** e os chans con **mosaicos**. Os mosaicos elaborábanse con pequenas pezas de cores chamadas **teselas**, que se incrustaban en xeso fresco.

Os romanos deixaron importantes mostras da súa arte en Hispania, que aínda hoxe conservamos coma a muralla, as termas, o acueducto e moitos mosaicos en Lugo



<https://www.youtube.com/watch?v=zbSlT51KgxE>

<https://www.youtube.com/watch?v=0Tr4A2ksUEo>

## **VI – PLÁSTICA**

Déixovos dúas suxerencias para facer esta semana. Podedes elixir ou facer os dous.

Traballar os reflexos das siluetas negras na auga. Podedes pintar a auga en gama de azuis, se preferides.

Facer collages de siluetas de animais con papeis de periódico ou de propaganda, revistas etc. Os bigotes tamén podedes poñérllelos de lá se tedes e queredes.

Non é obrigatorio que mos mandedes, pero se vos quedan chulos, podedes enviarnos, xa sabedes que me encantan as vosas obras.

**QUE TEÑADES MOI BOA SEMANA. BICOS GRANDES.**







## SOLUCIÓNS

### I-MATEMÁTICAS

-Páx. 197

-Nº 11- • Tienen forma de cuadrilátero todas las parcelas excepto la amarilla que es un triángulo. Tienen forma de paralelogramo las parcelas verde, naranja y azul.

- Es un triángulo isósceles y rectángulo.
- $25\text{ m} \times 2 = 50\text{ m} \times 2 = 150\text{ m}$  El perímetro del jardín es de 150 m.

-Páx 199

Nº1-

0,1

0,4

0,12

0,09

0,054

Nº2- • 55,03 • 20,25 • 18,58 • 50,51 • 809,17 • 70,894

Nº3-

• 21 • 36,7 • 37,8 • 23,7 • 123,4 • 4,53

Nº4-

90º      40º      110º

• 90º • Todos los ángulos rectos miden 90º. • El ángulo agudo mide 40º y el obtuso 110º.

Nº5- • 24 g • 2.025 g • 306 g • 3.050 g • 3.025 kg • 5.125 kg • 6.009 kg • 7.250 kg

Nº6- Dividimos por el denominador y multiplicamos el resultado por el numerador

$1/4$  de 160 = 40

$40 \times 16 + 120 \times 12 = 2.880 \text{ €}$  Andrea recaudó 2.880 €.

Nº7 -  $2 \times 0,80 + 1,70 = 3,30 \text{ €}$

Cuestan 3,30 €.

•  $0,80 \times 0,40 = 1,20$

Cuestan 1,20 €.

•  $2 \times 1,20 \times 0,30 = 2,70$

Cuestan 2,70 €.

Nº8- Desde que salió hasta que regresó pasaron 3 horas, salvo los 20 min que paró a desayunar, luego el paseo duró 2 h y 40 min.

Nº9-  $10 \times 10 \times 50 = 150$

$150 - 135,67 = 14,33$

Le sobra 14,33 €.

Nº10 -  $15 \times 30 = 450$

$450 : 5 = 90$  Deja 90 botes.

$250 \times 90 = 22.500 \text{ g} = 22,5 \text{ kg}$

Deja 22,5 kg.

-Páx. 209

Nº4- Prisma y cilindro. El prisma y el cilindro son cuerpos con bases planas. Las bases del prisma son polígonos y las del cilindro son círculos.

- Cilindro y cono.

- Cono y pirámide.

Nº5- • Se puede formar un cilindro con la plantilla b. • Se puede formar un cono con la plantilla d

## **II- L. CASTELLANA**

-Pág. 188

Nº 1- Urgir, surgir, crujir, dirigir, tejer, corregir, acoger, proteger, emerger, escoger

Nº2- 2 Respuesta libre. Ejemplos: recoger, sobrecoger, encoger, escoger.

-Pág. 189

Nº 8- El agua para la infusión hervirá en cinco minutos. – Acabo de recibir las instrucciones del concurso. – Les serviremos la comida enseguida.

## **III- L.GALEGA**

-Páx. 194

Nº1- Nora – 3, verbena – 6, polbeira – 11, orquestra – 5, bandeirolas – 10, tómbola – 1, faroliños – 12, gaiteros – 7, cabaliños – 4, rosquilleira – 8, lingua de sogra – 9, fogueteiro – 2.

Nº3- Pelotas – malabarista; estoupido – fogueteiro; zapatóns – pallaso; látego – domador; fol – gaiteros; chistera – mago; perruca – pallaso; ola – polbeira; trapecio – trapecista; facho – faquir; naipes – vidente; fogos de artificio – fogueteiro.

Nº4- Aproximadamente:

a)-Non ter humor nin ganas para facer ou atender a algo.

b)-Non centrarse no traballo ou no estudo, pensar só na festa.

c)-Irse, deixar de falar ou atender con quen se está porque se nota que sobra nese lugar.

d)Ter un sufrimento ou unha preocupación e non contarllo a ninguén, sufrilo sós e en silencio.

-Páx. 195

Nº5. A solución está no segundo semáforo

Nº6. A solución está na árbore.

## **IV-C. NATURAIS**

-Páx. 129 -

Resumo. As forzas teñen varios efectos: fan que os obxectos cambien de forma ou que rompan, fan que un corpo comece a moverse ou que un corpo en movemento se deteña. As forzas poden actuar por contacto ou a distancia e poden ser de atracción ou de repulsión. As fontes de enerxía poden ser non renovables ou renovables. Entre as non renovables están os combustibles fósiles e nucleares. Entre as renovables están o sol, o vento, as correntes de auga e os restos vexetais. A luz desprázase a gran velocidade, en todas as direccións e en liña recta. Segundo como deixan pasar a luz, os obxectos poden ser transparentes, opacos e translúcidos.